



# **BANDO DE ALCALDÍA**

## **OBRIGAS DE XESTIÓN DE BIOMASA**

Pablo Diego Moreda Gil, alcalde do concello de Cedeira:

### **FAI SABER:**

Ao abeiro da Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia defínense as Redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, como terreos cunha función de protección dos núcleos de poboación, equipamentos sociais, zonas edificadas, parques e zonas industriais.

Establécese así a obriga, para as persoas responsables dos mesmos, de xestionar a biomasa presente nunha franxa de 50 metros arredor de: solo urbano, núcleo rural e solo urbanizable; edificacións destinadas a persoas e vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, campings, gasolinerías, parques e instalacións industriais; edificacións illadas destinadas a persoas en solo rústico.

Nesa mesma franxa de 50 metros non poderá haber presenza de eucaliptos, piñeiros e acacias.

En virtude do que antecede, comunícase ás persoas responsables que **dispoñen ata o 31 de maio para o cumprimento voluntario da súa obriga**, segundo o establecido na normativa anteriormente citada.

Ditas faixas secundarias están delimitadas no Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios do Concello de Cedeira, publicado no BOP nº 177 do 15 de setembro de 2023, e tamén está a disposición das persoas interesadas na sede electrónica do Concello de Cedeira ([https://sede.cedeira.gal/sxc/gl/informacion/tablon/2023/ANUNCIO\\_PROG\\_20230915113027058.html](https://sede.cedeira.gal/sxc/gl/informacion/tablon/2023/ANUNCIO_PROG_20230915113027058.html))

No caso de que se detecten incumprimentos das referidas obrigas tramitaranse as correspondentes ordes de execución coa imposición, de ser o caso, de multas coercitivas reiteradas cada 3 meses, por importe de 900 €/ha de superficie de parcela non xestionada, ou a parte proporcional se a superficie fose inferior, mentres persista o incumprimento. Todo isto sen prexuízo dos pertinentes expedientes sancionadores.

Lembrar, así mesmo, que a Administración repercutirá os gastos de extinción de incendio, ás persoas responsables das obrigas de xestión de biomasa vexetal ou retirada de especies que impón esta lei.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

En Cedeira, a 19 de abril de 2024

O alcalde

Pablo Diego Moreda Gil